

Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a outubro de 2025

Data de publicación: 28/11/2025

Principais resultados

- No mes de outubro de 2025, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes avanza a un ritmo do 4,4 % en Galicia e en España.
- Por produtos, as vendas aumentan un 3,9 % en "Alimentación" e un 5,4 % en "Resto de produtos".
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 5,6 % en Galicia en outubro de 2025 con respecto ao mesmo mes de 2024. En España aumenta un 5,8 %.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 0,6 % en Galicia e do 0,9 % en España.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,4 % tanto en Galicia coma en España en outubro de 2025 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,5 % en Galicia e un 4,3 % en España respecto a outubro de 2024. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 3,9 % en Galicia e un 4,5 % no conxunto de España.
- "Resto de produtos" medra un 5,4 % en Galicia e un 4,7 % no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Outubro de 2025

Galicia

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	106,1	4,4	3,1
Xeral sen estacións de servizo	104,2	4,5	2,5
Alimentación	99,4	3,9	2,4
Resto	111,9	5,4	2,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

España

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	112,6	4,4	4,0
Xeral sen estacións de servizo	111,4	4,3	3,9
Alimentación	107,5	4,5	4,0
Resto	120,0	4,7	4,4

Fonte: INE

No que levamos de ano, as vendas minoristas aumentan un 3,1 % en Galicia e un 4 % en España. Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" do 2,4 % en Galicia e do 4 % en España. No "Resto de produtos", as vendas increméntanse un 2,8 % en Galicia e un 4,4 % en España.


2. Índices por comunidades e cidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en todas as comunidades e cidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Ceuta (9,2 %), Melilla (8,9 %) e País Vasco (7,1 %).

No que vai de ano, o índice increméntase en todas as comunidades e cidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Ceuta (6,5 %) e País Vasco (5,5 %).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE

3. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 5,6 % en Galicia e un 5,8 % en España no mes de outubro de 2025 con respecto a outubro de 2024.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 5,8 % en Galicia e do 5,9 % en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 6 % en "Alimentación" e un 5,7 % en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 6,9 % nas vendas en "Alimentación" e do 5,2 % en "Resto de produtos".

No que vai de ano, o índice medra un 3,3 % en Galicia e un 4,5 % en España. En Galicia, as vendas en "Alimentación" increméntanse un 3,7 % e en "Resto de produtos" un 3 %. En España, as vendas medran un 5,9 % en "Alimentación" e un 4,5 % en "Resto de produtos".

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Outubro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	128,1	5,6	3,3
Xeral sen estacións de servizo	127,5	5,8	3,3
Alimentación	130,5	6,0	3,7
Resto	125,4	5,7	3,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	136,3	5,8	4,5
Xeral sen estacións de servizo	136,7	5,9	5,1
Alimentación	142,1	6,9	5,9
Resto	132,6	5,2	4,5

Fonte: INE

4. Índice de ocupación

No mes de outubro, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,6 % en Galicia e do 0,9 % no conxunto de España. No que vai de ano, a ocupación medra un 0,7 % en Galicia e un 1,5 % en España.

Índices de ocupación. Outubro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	104,7	0,6	0,7
Xeral sen estacións de servizo	104,4	0,5	0,5

Fonte: INE

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	107	0,9	1,5
Xeral sen estacións de servizo	107	1,0	1,5


Fonte: INE

5. Índices de ocupación por comunidades e cidades autónomas

En outubro, a ocupación no comercio minorista aumenta en 16 comunidades e cidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Ceuta (3,7 %) e Cataluña (1,9 %). As comunidades onde diminúe o persoal ocupado son País Vasco (-1,5 %), Aragón (-0,6 %) e A Ríoxa (-0,1 %).

Índice xeral de ocupación. Outubro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en todas as comunidades e cidades autónomas. Navarra (2,5 %) e Illas Baleares (2,4 %) rexistran os maiores incrementos. As comunidades onde menos se incrementa o persoal ocupado son País Vasco (0,2 %) e Estremadura (0,3 %).

6. Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.